

INSTRUCCIÓN PARA SEGUIR APRENDENDO NA CASA LINGUA GALEGA 3º ESO

Ola a todos! A corentena colleunos por sorpresa, así que imos difundir unhas recomendacións para que a suspensión de clases non se convirta nunha sucesión de días aburridos e sen proveito.

1. Como sabedes, quedounos pendente de facer o exame dos temas 3 e 4 do libro de texto. Debedes repasar e estudalos ben para que á volta, unha vez que acordemos unha nova data, o exame vos saia moi ben. Repasar supón mirar de novo os exercicios que fixemos e corriximos na clase.

2. Podedes aproveitar o tempo para ler: Lémbrovos que a lectura obrigatoria da 3ª avaliación é ***Cantares gallegos*** de Rosalía de Castro.

3. Se aínda vos queda tempo, é boa idea que practiqueades a escrita tomando nota diaria do que vos pasa estes días de illamento. Pode ser moi interesante.

3. Para practicar exercicios de gramática e léxico, máis alá dos que fixemos na clase, recoméndovos a seguinte páxina, que xa coñecedes: www.ogalego.eu

4. Estes días de reclusión na casa bríndannos a oportunidade de falar coa nosa familia. Eu ánimovos a que o fagades en galego. O galego está aínda moi presente no ámbito familiar, só é preciso que mostredes interese e os maiores estarán encantados de compartir convosco todo o que saben.

Podedes poñervos en contacto comigo a través de:

anxosg@edu.xunta.es

Ánimo e vémonos pronto!